

# 1. Bolsas e prácticas profesionais

## 1.6. Organismos privados

A Fundación Caixa de Aforros e Pensións de Barcelona e a Fundación EFE convocan un total de 15 bolsas destinadas a alumnos de último curso de grao ou licenciatura en Xornalismo e/ou Comunicación Audiovisual para realizar prácticas formativas na Axencia EFE.

### FUNDACIÓN LA CAIXA – AXENCIA EFE. BOLSAS DE PRÁCTICAS DE XORNALISMO

#### Requisitos

- Ter a nacionalidade española.
- Estar matriculado en último curso de grao ou licenciatura en Xornalismo e/ou Comunicación Audiovisual cun mínimo de 30 créditos por cursar.
- Ter un bo expediente académico.
- Dominar o castelán e a lingua propia da comunidade autónoma.
- Bo nivel de inglés e, no seu caso, do idioma necesario para realizar as prácticas nas delegacións internacionais da Axencia EFE con títulos acreditativos.
- Non ser titular doutra beca ou axuda económica doutro organismo ; quedando exentas deste requisito as bolsas de colaboración e axudas que poida conceder o Ministerio a quen corresponda a concesión de bolsas, en relación ao pago das taxas de inscrición.

#### Lugar

Nas delegacións da Axencia EFE en España (Alacante, Barcelona, Bilbao, Málaga, Murcia, Pamplona, Santiago de Compostela, Sevilla, Tenerife, Valencia e Valladolid) e nas delegacións internacionais (Europa, países iberoamericanos, América do Norte, África e Asia).

#### Prazos de solicitude

Un mes a partir da publicación da convocatoria, que adoita ter lugar a mediados do ano.

No 2020, a convocatoria pechou o prazo en setembro.

#### Proceso de selección

O proceso de selección consta dunha proba escrita e unha entrevista persoal co comité de selección.

Para máis información: [fundacionlacaixa.org](http://fundacionlacaixa.org)

#### Duración e contía

A duración total é de 18 meses, desenvolvéndose en dous períodos:

- O primeiro, de nove meses, nas delegacións da Axencia EFE en España; e

O segundo período, tamén de nove meses, nas delegacións internacionais da Axencia.

A bolsa comprende unha axuda de estudos (650€/mes os primeiros nove meses e 1.300 €/mes durante as prácticas internacionais), unha axuda para o desprazamento (500€ para os destinos europeos e 1.000 € para o resto), a matrícula no Máster de Periodismo Internacional da UNED e a Axencia EFE, e un seguro multiasistencia de viaxe.